

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 4 DO REGULAMENTO DE ESTUDOS DE POSGRAO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Consello de Goberno do 27 de xullo de 2022)

O Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao da Universidade de Vigo (REOP), aprobado polo Consello de Goberno o 14 de marzo de 2007 e modificado polo Consello de Goberno o 16 de abril de 2010, o 8 de febreiro de 2012 e o 18 de decembro de 2013 tiña como obxecto regular os aspectos básicos dos estudos oficiais de posgrao, de acordo co R.D. 56/2005.

Na actualidade, ante o aumento da oferta de novas titulacións tanto de grao como de máster, nalgunhas escolas/facultades resulta complexo atopar persoal para ocupar certos cargos de xestión. En concreto, nalgúns títulos é difícil incorporar coordinadores que podan facerse cargo das funcións descritas na presente normativa dun xeito adecuado.

Polo anterior, é necesario modificar o artigo 4 do seguinte xeito:

Artigo 4. Organización, xestión e asignación de docencia dos estudos oficiais de máster

Coordinador/a do máster:

A Xunta de Centro nomeará coordinador/a a un/unha profesor/a doutor/a con vinculación permanente a tempo completo ou, de ser necesario, un/unha profesor/a Axudante Doutor/a, os cales necesariamente deberán ser docentes do máster.

Tamén poderá ser coordinador o director/a ou decano/a do Centro, na súa calidade de responsable de todos os títulos da Facultade ou Escola.

Entrada en vigor

Esta modificación do REOP entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.